

BASES XERAIS DE OCIOLEIROS 2017

1. A finalidade deste programa é fundamentalmente lúdico, polo que todos os esforzos das persoas participantes deberán dirixirse á diversión e ao entretemento.
2. Todas as persoas participantes teñen que **estar empadroadas no Concello de Oleiros**. Se non cumpren todos os requisitos **non poderán tomar** parte no programa.
3. Poderán participar en **OCIOLEIROS** as persoas maiores de 14 anos, tendo en conta que hai actividades por grupos de idades.
4. É necesario cubrir a folla de preinscrición con todos os datos. Na actividade de bailes de salón, as parellas terán que inscribirse individualmente e indicar en ambas fichas o nome da parella de baile.
5. As preinscricións terán lugar na Fábrica **do 12 ao 21 de decembro**. **Realizaranse preferentemente na Sede Electrónica ou na conserxería da Fábrica en horario de mañá (8.30 a 14.30 horas)**.
6. Pregamos ler ben as bases e cubrir os datos solicitados na folla de preinscrición. Se tedes algún tipo de dúbida, antes de anotarvos podedes solicitar información da actividade na que queredes participar.
7. As persoas participantes só poderán preinscribirse en dúas actividades distintas como máximo. Unha vez pechado o prazo poderán inscribirse libremente naquelas que aínda teñan prazas ata pechar os grupos.
8. As listaxes con todas as persoas preinscritas colgaranse **o 23 de decembro** para a emenda de erros.
9. **PROCESO DE INSCRICIÓN :**

Se hai máis demanda que prazas ofertadas nunha actividade, intentarase habilitar novos grupos. De non ser posible, as prazas adxudicaranse por sorteo.

O día do sorteo será o 9 de xaneiro ás 12.00 horas na Fábrica.

As listaxes de admitidos/as estarán expostas a partir do 12 de xaneiro.

O prazo de inscrición para as persoas admitidas será **do 23 ao 27 de xaneiro**. Non se considerarán inscritas mentres non se realice o pagamento correspondente da actividade e **entreguen o xustificante na conserxería da Fábrica.**

HORARIO PARA RETIRAR A FOLLA DE PAGAMENTO: de luns a venres na conserxería

Mañás: de 10.00 a 14.00 horas

Tardes: de 17.00 a 20.00 horas

O 30 de xaneiro publicaranse as listaxes de admitidos/as nas actividades.

Do 31 ao 2 de febreiro as persoas preinscritas sen praza nas actividades solicitadas poderán inscribirse en calquera actividade con prazas vacantes.

A partir do 3 de febreiro calquera veciño/a aínda que non se preinscribise anteriormente poderá solicitar praza nas actividades que dispoñan delas (persoalmente na citada conserxería).

10. A organización do Concello de Oleiros formará unha comisión supervisora onde se analizarán todas as cuestións ou incidencias que afecten ao normal desenvolvemento das actividades e que o/a responsable de cada sede considere oportuno tratar.
11. Esta comisión resérvase o dereito de tomar as medidas que considere oportunas para manter o bo funcionamento do programa.
12. Ocioleiros comezará o día **6 de febreiro e rematará logo de ter cumpridas as sesións**. Non haberá actividade nas seguintes datas: **o luns 27 e o martes 28 de febreiro (Entroido), Semana Santa do xoves 13 ao luns 17 de abril, o 1 de maio (Festa do Traballo) e o 17 de maio (Día das Letras Galegas).**
13. A interpretación das presentes bases deberá facerse atendendo ao **principio de boa fe**.

INFORMACIÓN E INSCRICIÓN NA FÁBRICA E NA WEB Tel.: 981 636 598

RECORDAMOS QUE AS PERSOAS QUE TEÑAN MÁIS DE 4 FALTAS DE ASISTENCIA SEN XUSTIFICAR, NON ENTRARÁN NOS SORTEOS DE ADMISIÓN DA VINDEIRA EDICIÓN.